

Quenda de agarda

Miriam Ferradans

I

O relato reptese cada certo tempo. Pap ou mam van para o hospital.
Esa noite, tmbome na sa cama.

Se meto a man baixo a almofada sinto a cabeza dun neno, a sa forma.
Logo as horas transcorren inspidas.
Imaxino o da que vir, ensaio conversas, vexo unha rata cruzarse na
autoestrada.

Cando non estn, a luz do corredor queda prendida. A luz de fra,
queda prendida.
Somos o faro dos derrotados. S a iso ningun nos vence.

A mia palma de cunco, acaria o algodn portugus.
A noite nunca remata.

II

Exhibir a dor ten as sas regras. Todo se aprende.
Fronte a porta, un facsmil de Van der Weyden.
Axia aparto a ollada. Nesta casa non se chora.

Por que sempre se ponen enfermos?

Cando era nena quedaba apoiada contra o marco
da porta. Logo discutan o meu reparto.
A todos lles importaba menos a min.
Se a rata me comera os ps, ningun me levara.

Nunca se preocuparon de mentirme.
O primeiro médico que me calmou tiña
sesenta e oito anos.
Non foi amable senón eficaz.
-A túa nai curará. Viñeches soa?

Nesta casa non se chora.

De maior quero un vestido azul coma o da virxe
de Van der Weyden.

III

Debaixo da cama, escondo unha rosa bendicida.
Se non me agarro á fe, non teño nada.

Desde que son adulta, marchamos as dúas.
No limiar seguen quedando as miñas ganas de vivir.

IV

Teño medo pero nunca llo digo a ninguén.
Ensináronme a que facelo non cura.
Non proba a desobedecer
porque estou cansa e son supersticiosa.
Quizais o estea por selo.

Cruzo os dedos cada vez que un médico
entra no cuarto.
Creo que se dan conta mentres as súas palabras
caen polo chan.
Se pasara unha rata, comeríame os pés.

Pregunto canto dudo, logo sorrío aos meus pais
e cóntolles mentiras.

Con eles funciona.

V

Advírtenme que non se pode crer en Deus e na sorte.

Nada me importa máis que salvarlos.

VI

Cando miña nai marcha, eu enfermo sen que o note.

Adelgazo e cáeme o pelo.

Choro e cóntollo á xente.

Desobedezo.

Cada vez a fe funciona menos.

Tampouco é verdade que o conte,
contéñome o suficiente para mentirlles
tamén a eles e explicarlles detalles banais
de soros e salas de agarda.

Estou cansada.

VII

Durmo cunha rosa bendicida debaixo do colchón.

Teño medo de que os meus pais morran pola noite.

